

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1395/2025 de data 10.11.2025 resolveuse aprobar as seguintes bases:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PERSOA MOZA INSCRITA NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (EDUCADOR/A SOCIAL) MEDIANTE CONCURSO AO ABEIRO DO PROGRAMA TR350E-2025 FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

1ª.- OBXECTO DAS BASES.

O obxecto destas presentes bases é regular a convocatoria do proceso de selección de persoal laboral temporal, 1 Educador/a social, mediante o sistema de concurso, de acordo coa subvención concedida ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025) pola que se proban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

A contratación será a xornada completa e cunha duración de 9 meses dende a súa sinatura, realizándose na modalidade de contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código de contrato 406).

As retribucións do persoal obxecto da contratación son as que lle corresponden a postos de igual ou similar categoría, de conformidade co Convenio Colectivo e a relación de postos de traballo do Concello de Fene.

As tarefas e funcións a realizar serán a atención a familias con menores a cargo en situación de risco.

2ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

2.1.- Estar entre as persoas candidatas previamente seleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, tras a oferta de emprego realizada desde o Concello de Fene, tendo en conta os requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras, segundo o establecido no artigo 29 da Orde do 13 de agosto de 2025.

Segundo o establecido no artigo 29.6, terán preferencia na selección a través da oficina de emprego as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e a continuación, as persoas desempregadas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. (código do procedemento TR353B).

2.2.- Os requisitos que deben reunir as persoas traballadoras, conforme á mencionada Orde e á normativa vixente, son os seguintes:

1) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que permita o acceso ao emprego público, de acordo cos artigos 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG) e 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

2) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa houbera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

3) As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgou a subvención, deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:

- Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

- Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

- Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.

- Ser persoas candidatas previamente seleccionada polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

4) Titulación: Grao en Educación Social o equivalente.

5) Estar en posesión do nivel de CELGA 4 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes. A acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega. En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nestas bases, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

6) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte. Acreditarase, por parte dos/as traballadores/as que sexan finalmente seleccionados/as antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

7) Co arranxo no disposto no artigo 54 da LEPG, os/as participantes coa condición legal de persoa con discapacidade, poderán solicitar as adaptacións de tempo e medios que sexan necesarios para a realización das probas, facéndoo constar na solicitude, xunto coas necesidades específicas alegadas para desenvolver o proceso de selección. A estes efectos, e segundo ao disposto no apartado b da disposición adicional primeira da LEPG, considerarase persoa con discapacidade aquela á que se lle teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento (ou situación análoga segundo a normativa vixente ao efecto).

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e ata a formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

3ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A admisión de persoas candidatas coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego, e requiriráselles por parte do Concello de Fene que presenten nun prazo de **3 días naturais** para participar no proceso de selección a documentación seguinte que figura no Anexo I.

Presentarase a Instancia conforme ao modelo que figura no **anexo I**, no Rexistro xeral do Concello, podendo presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015 e a acompañarse inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia do D.N.I. ou equivalente.
- De ser o caso, copia do CELGA 4 ou equivalente co que quedarán exentos do exame de galego.
- De ser o caso, documentación acreditativa de méritos para a súa baremación.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando neste caso as causas que deron lugar a

exclusión, que se fará pública no taboleiros de anuncios e páxina web do Concello, concedéndose un **prazo de 2 días naturais**, dende a publicación da lista, para presentar reclamacións ou emenda de erros.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, na que figurará a designación do Tribunal e que se publicará do mesmo modo que a provisional.

Os anuncios de valoración dos méritos e o resultado do proceso selectivo faranse públicos mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

4ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso coas persoas candidatas que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

A selección da persoa traballadora será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para o posto e no seu caso as probas de acreditación do coñecemento da lingua galega.

En caso de empates, estes resolveranse atendendo ao maior tempo en situación de desemprego, e de persistir o empate realizarase un sorteo.

Primeiro: O Órgano de selección para a cualificación das persoas candidatas deberá aplicar o seguinte baremo, sendo a puntuación máxima total do proceso selectivo de 4 puntos:

- Formación: máximo 4 puntos.

Valoráranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tivesen unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de 100 a 299 horas: 0,50 puntos por curso
- Cursos de 300 horas ou máis horas: 1,00 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

Para acreditar os méritos, será necesario presentar a documentación segundo se indica:

A formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, organizacións sindicais, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos.

Segundo.- Coñecemento da lingua galega

Respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar unha proba de galego de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, proposto polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao Órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado. Tras a realización deste exercicio e a súa avaliación, se procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron.

As persoas aspirantes convocaranse para a proba de coñecemento de galego en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal. As persoas aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

5ª.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1. O tribunal cualificador será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local) e, en base ao establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo, escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaria/o (titular e suplente): Secretaria do Concello de Fene ou persoa que legalmente lle substitúa e, como suplente, unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. O/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

6ª.- PUNTUACIÓN FINAL.

Rematada a selección, o Tribunal publicará a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose á persoa aspirante que alcance maior puntuación.

Publicada a referida lista as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de **dous días naturais** dende tal publicación.

O resto das persoas candidatas que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista de agarda ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

En caso de renuncia pasará ao último posto da lista.

7ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso formularase polo tribunal de selección proposta de contratación que será elevada ao Alcalde para que formule a contratación das persoas que acadasen a maior puntuación, en número que non supere á das prazas obxecto da convocatoria.

A persoa candidata designada para ser contratada deberá achegar, no prazo de **3 días naturais** (contados a partires da publicación do resultado da selección), a seguinte documentación:

a) Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto de Educador/a Social.

b) Copia da tarxeta sanitaria.

c) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

d) Declaración responsable de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.

e) Declaración responsable de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

O Concello de Fene poderá verificar de oficio, sen prexuízo da declaración aportada polas persoas candidatas, o cumprimento dos requisitos esixidos.

Si se constatar que algunha persoa candidata non reúne os requisitos esixidos na convocatoria decaerá en todo dereito a súa contratación sen prexuízo de poder esixirse as responsabilidades pola falsidade na documentación aportada.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas están obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba de 15 días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

8ª.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

9ª.- RECURSOS.

A Resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e fronte á mesma poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, significándose que no caso de interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente publicación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

ANEXO I - INSTANCIA

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 1 PERSOA MOZA INSCRITA NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (EDUCADOR/A SOCIAL) MEDIANTE CONCURSO AO ABEIRO DO PROGRAMA TR350E-2025 FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

D/Dona _____ con DNI nº _____ e con domicilio en _____ C.P. _____ (teléfono _____); correo electrónico _____) ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fene, COMPARECE E DI:

-Que coñece e acepta as bases que van rexer a proceso de selección de persoal laboral temporal, 1 educador/a social, ao abeiro do programa TR350E financiado pola Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración.

-Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

-Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e está dispoñible para o emprego.

- Que está incrito/a como beneficiario/a no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

-Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin está inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

-Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

-Que achega a seguinte documentación (sinalar cun X según proceda):

- ☐ Fotocopia do DNI ou equivalente.
- ☐ Fotocopia do CELGA 4 ou equivalente co que quedarán exentos do exame de galego.
- ☐ Alega os seguintes méritos para a súa valoración, acompañados da documentación xustificativa que se indica:

Curso	Entidade que imparte	N.º horas	Acreditación	Puntuación

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a no proceso de selección dun educador/a social.

En _____, __ de _____ de 2025

Asdo.: _____

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE FENE

En Fene, asinado dixitalmente pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso na data que figura na marxe.